



O ÁLVARO CUNQUEIRO ACOLLE A EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA SOBRE O LABOR HUMANITARIO DA ONG "TIERRA DE HOMBRES" EN UCRAÍNA

- Un total de 40 fotografías reflicten o traballo que está a desenvolver a ONG neste país en guerra
- Tierra de Hombres leva entregado 30.000 kits de alimentos, hixiene, e material escolar; ademais, habilitaron 20 albergues "childfriendly"

Vigo, 8 de novembro de 2023. O Hospital Álvaro Cunqueiro inaugurou onte unha Exposición fotográfica sobre o traballo que leva a cabo a ONG *Tierra de Hombres* en Ucraína, un proxecto de axuda humanitaria financiado pola área de Cooperación da Xunta de Galicia.

No acto estiveron presentes o xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, e o responsable da ONG "Tierra de Hombres" en Galicia, José Raúl Besada.

A mostra, emprazada nas consultas externas do hospital, conta con 40 fotografías realizadas pola Organización.



A guerra en Ucraína contabiliza máis de 7 millóns de refuxiados ucraínos noutros países, e outros 7 millóns de desprazados internos. Estímase que 17,7 millóns de persoas deste país poderían necesitar axuda humanitaria.

Na súa intervención en Ucraína, *Tierra de Hombres* desenvolve varios programas, priorizando o apoio aos provedores de axuda humanitaria; os servizos directos aos nenos e nenas e ás súas familias; e a protección da infancia. Grazas ao seu labor, máis de 30.000 persoas recibiron kits de alimentos, hixiene, material escolar e equipos



móviles. Ademais, remodelaron 30 centros de acollida; habilitaron 20 albergues “childfriendly” e capacitaron a profesionais para a atención de 90 escolas.

- Fotos proxecto Ucraína:
<https://drive.google.com/drive/folders/1jT1nUfjxtl8DiNAjkAylisrGRmegQVMp?usp=sharing>
- Vídeos proxectos Ucraína:
<https://www.tdh.org/en/our-impact/europe>